



Sr. Presidente:
non afunda o seu
“prestige”



© Fotografía portada: eplural.es

O trasno

Daniel López Muñoz

Por que o Mercosur converte o pacto verde europeo nunha andrómene?

Na movida contra o cambio climático fálase de greenwashing (que se adoita traducir como posturo verde), cando as grandes corporacións -petroleiras, enerxéticas, químicas, celulósicas, etc...- fan propaganda de si mesmas, con descaro, como se non fosen elas as grandes responsables e beneficiarias do desastre, senón pouco menos que militantes esfarrapadas da ecoloxía planetaria berrando “Altri non” e “nunca máis” na praza do Obradoiro.

A Unión Europea fixo público en 2019 o Pacto Verde europeo. Esa estratexia é como unha carta de amor á natureza, ao planeta, ao futuro das nosas fillas e netos. Precioso documento, acaído aos tempos, con compromisos e calendario para cumprilos. Neutralidade climática, economía circular, unha industria limpa, un medio ambiente máis saudable.... e o máis emocionante para quen sente os males dunha terra como a galega: a restauración da natureza.

Restáurase o que se deteriora. De maneira moi sensata inclúense as medidas desa restauración como esenciais para facer fronte á seguridade

alimentaria. Recoñécese logo que hai que restaurar porque hai maneiras de producir alimentos que deterioran a base natural. Recoñécese tamén que a agro-industria arrasa coa biodiversidade e riqueza natural do solo e non é sustentable, non garante a produción de alimentos de calidade a medio e longo prazo. E vai ao concreto, como que o uso de métodos naturais para controlar pragas e a redución de fertilizantes químicos aumentan a riqueza de nutrientes no chan e melloran a saúde dos ecosistemas.

Todo iso aplicarase á agricultura europea. Perfecto. Xogo limpo, control e inspección.

Agora asinouse o pre-acordo para desregular o comercio Unión Europea (UE)-Mercosur (Brasil, Arxentina, Uruguai e Paraguai). A industria europea -comezando pola automobilística de Alemaña- necesita exportar. Coches para alá, carne e froitas e verduras para acá. Farase a costa de deixar fóra de

combate o Pacto Verde? Esixiranse os mesmos requisitos de sustentabilidade ambiental? Como se fará ese control e inspección? Como se evitará que esa importación de alimentos -xa de seu, pola distancia ben pouco “verde”- favoreza esa agro-industria que deforesta, destrúe hábitats e lamina aos pequenos campesiños latino-americanos? Como encaixa todo iso no combate contra o quecemento global e os obxectivos do Pacto Verde? Como encaixa todo isto coa famosa “soberanía alimentaria”? Non era esa unha das leccións da pandemia, o da soberanía en sectores estratéxicos da vida? Non está Europa facendo un exercicio descomunal de greenwashing?



2025: Que a esperanza nos colla coas botas postas

Son malos tempos para “esperar”. Pero non hai que confundir esperanza cunha espera ilusoria. Non hai que deixarse atrapar pola melancolía.

Cómpre, si, analizar a gravidade do presente, as pragas que axexan ao planeta e ao noso país galego. A degradación ambiental e climática; a medra de novos fascismos e outras formas de autoritarismo; escenarios de guerra que parecían superados; o “retroceso cultural” que volve con machismos e racismos; novas formas de manipulación tecnolóxica da vida e da intelixencia para concentrar máis o poder e riqueza, ... E no que nos é máis próximo, as ameazas de degradación dos nosos hábitats, do agro e o marisqueo nas rías con macroproxeitos como ALTRI de dubidosa rendibilidade social, económica e ecolóxica; un devalo demográfico e un territorio desvertebrado; a falta, en definitiva, dun proxecto de país ao servizo das xeracións futuras e non dos intereses a curto prazo de grandes corporacións alleas á nosa terra.

Cada tempo ten o seu aquel. A humanidade, o mellor desta hora, xa está reaccionando. Tecendo redes, creando novas alianzas, rompendo os marcos mentais estreitos, organizándose polo futuro. O que poida facer...que faga, como dixo alguén en dirección bastante diverxente.

Hai emocionantes iniciativas de acollida aos descartados do planeta: xentes que rescatan vidas no mar, outras que apoian procesos de curación de feridas e integración acompañada, outras que aceptan, sorrín e botan unha man aos novos galegos e galegas.

Hai quen milita na paz e nos dereitos humanos, xusto agora que son desprezados. Con iniciativas a nivel local, cambiando consciencias, contrarrestando os discursos de guerra, odio e xenofobia.

Hai unha potente rede de organizacións e persoas que acollen e coidan das nenas e nenos en desamparo, da xente velliña, de persoas sen fogar, ...que apostan pola fragilidade, desmentindo que o mundo sexa só para os fortes, guapos e ricos.

Son centos as iniciativas feministas que poñen en evidencia todo o camiño que nos falta por andar na igualdade real e non soamente lexislada.

E non son menos as plataformas de defensa do territorio, da soberanía alimentaria, da limpeza de rías e montes como investimento vital para quen veña despois.

E tan importante ou máis: hai políticas e sistemas públicos que curan, educan, compensan desigualdades, protexen a vítimas, apoian procesos de inclusión social, amparan a xente que se fai dependente, Traballar no servizo público, defender os sistemas de igualdade e benestar social (ou de información veraz como vemos nas páxinas centrais) é, tamén, e máis ca nunca, unha fonte de sentido e de esperanza.

A esperanza dos cristián só se sinte e vive coas botas postas, cos pes na lama, coa camisa arremangada, coa tenrura activa. Porque é na irmandade e na empatía coas vítimas na que se produce o encontro co que nos é máis sagrado.

na irmandade e na
empatía coas vítimas
dáse o encontro
co que nos é máis
sagrado

Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

“Para que Deus nos libre da Xustiza”

Inesquecibles aquelas longas noites de inverno a carón da lareira. Namentres quecía o caldo da cea, a avoa debullaba, grao a grao, o rosario, e á inqueda rapazada da familia facíaselle eterno, dando en rebulir a cada pouco. A mirada azul da madriña controlaba o bulebule dos cativos e continuaba na tediosa pregaria de nunca acabar. Era a última etapa do rosario a que producía máis tensión, porque nunca se sabía canto ía durar a rea sen fin de “padrenuestros”: polos nosos defuntos, polos dos outros e por todos, por isto e aquilo e ata polas misteriosas intencións do Papa. Pero por fin chegaba o que sabiamos que sempre era o derradeiro “padrenuestro”, que remataba co noso fastío: “Para que Deus nos libre da Xustiza”.

Posiblemente aquel “padrenuestro” nunca tivo tanto sentido como hoxe ten. A deterioración e o desprestixio social do terceiro poder en España creo que son tan evidentes como progresivos. Se sempre aniñou no sentir popular un certo receo fronte á Xustiza —tengas pleitos y los ganes—, aquí e hoxe, a desconfianza na institución é cada día máis ancha e máis fonda.

Non abonda o comportamento honesto, correcto e acertado de moitos dos seus funcionarios para atallar o mal nome e a negativa consideración da Xustiza no seu conxunto, que medra como os cogomelos na sociedade española.

A cousa comezou mal xa durante a transición á democracia. Non só non houbo a oportuna depuración, senón que a Xustiza pasou dun réxime a outro con armas e bagaxes. A mostra máis evidente foi, sen dúbida, a conversión dun atrabiliario tribunal especial como o TOP no tamén especial e extraordinario da Audiencia Nacional que, nun primeiro momento, tivo a



ETA como xustificación, mais que fica malia a desaparición da organización terrorista.

Mais a deturpación da Xustiza non rematou aquí. O corporativismo irreductible, con verniz de casta e de clase, de xuíces e maxistrados; a convivencia ideolóxica e partidista de demasiados funcionarios, especialmente coas dereitas; a evidente implicación de causas e procesos xudiciais con estratexias partidistas, adoito reaccionarias, e a inclinación do terceiro poder a invadir espazos propios dos outros están convertendo, decotío, os administradores da xustiza en xuíz e parte.

A Xustiza muda así nun camiño real polo que penetran as forzas antidemocráticas no corazón da democracia, para deturpala, corrompela e destruíla.

Boa razón tiña a miña avoa en pregarlle a Deus que nos libre da Xustiza.

a desconfianza na Xustiza é cada día máis fonda

... Pero a vaquiña polo que vale

Pedro F. Pedrouzo Devesa

Clarexando conceptos: Os contratos menores na Administración

Nos debates de actualidade sobre malas prácticas ou mesmo corrupción na contratación pública, aparece con frecuencia a figura dos “contratos menores”. Sabemos de que se está a falar? Como evitar as corruptelas e favoritismos neste tipo de contratos?

Todas as administracións usan sempre que poden a contratación menor. Por que? Porque dá unha axilidade enorme á contratación e permite unha selección rápida do contratista. A actividade da administración estancaríase irremediabilmente sen os contratos menores. Pero teñen un límite: só se poden levar a cabo por importes inferiores a 40.000 euros nas obras e 15.000 nos servizos ou subministracións. Nestas cifras non se computa o IVE.

Para importes maiores, a administración ten que establecer procedementos de contratación que facilmente levan entre tres e seis meses.

Mentres que os contratos menores implican certa discrecionalidade, os demais contratos implican concorrencia, é dicir, poden participar todos aqueles empresarios que queiran se cumpren os requisitos que cada tipo de contrato esixe.

A discrecionalidade é a capacidade de decidir libremente, dentro duns límites, a quen contratar. Se se realiza con criterio, permite unha selección segura dun contratista do que se teñen boas referencias de contratos anteriores. Pero esa mesma facilidade na contratación entraña o perigo de acudir de forma abusiva aos mesmos contratistas de forma repetida, pechando as portas a moitos non coñecidos e que poderían realizar perfectamente os traballos que a administración necesita.

A contratación menor ten ademais a vantaxe de que os contratos adoitan beneficiar a empresarios locais.

Para evitar o uso abusivo dela, é obrigatorio publicalos de forma que se permita facer consultas por empresa ou por órgano de contratación. Outros límites ou condicionantes poderían ser establecer máximos nas contratacións anuais a un mesmo empresario ou obrigar a alternar invitacións. Son límites e formas de control que serven para evitar a impiedade na contratación, pero que non todas as administracións ou departamentos teñen establecidos.

O gran reto de toda administración é a transparencia. Saber facer públicas as súas necesidades, indicar con tempo futuras contratacións que van necesitar, para que exista unha continua porta aberta a novos autónomos e empresas que merecen ser tidos en conta na contratación administrativa.

A contratación pública ten que servir para cubrir necesidades públicas competencia de cada administración, pero tamén como incentivador da empresa de proximidade, do fomento da conciliación, inclusión social e igualdade laboral, e por suposto, primando na medida do posible os criterios medioambientais.

Calquera partido que goberna debería ser consciente desta necesidade, aínda que só sexa por interese electoral.

Para evitar o abuso é obrigatorio publicalos de forma que se permita facer consultas e controlar



O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu Molet

Epifanías



Preguntoume unha amiga se era verdade que Francisco de Asís non quería que os frades tivesen libros e leran. Algo hai de certo. Ata hai pouco, o mundo clerical facía burla dos franciscanos por non ter grandes teólogos e filósofos, esquecendo a S. Buenaventura, Duns Escoto, Guillermo de Ockham, entre outros... e unha figura como o cardeal Cisneros en España. Quizais non houbo tantos doutos como noutras ordes relixiosas, pero teñen unha chea de santos. O noso santo Antón era un home estudado e Francisco pediulle que ensinase teoloxía aos frades.

Clara de Asís foi a primeira muller en escribir unha regra para a vida relixiosa e reclamou con valentía ante papas e bispos manterse na radicalidade evanxélica, tanto que Gregorio IX concedeu o privilexio da pobreza, evitando así ter posesións e bens, como tiñan outras monxas. O papa insistía en que non podían ser tan pobres, pero Clara contestoulle: —Santo Pai, de ningunha forma quero endexamais ser dispensada do seguimento de Cristo. O papa calou.

Moitos dos primeiros franciscanos apenas sabían ler e escribir. Un día, un frade pediulle a Francisco se podía ter un breviario. Francisco contestoulle: —Cando teñas un breviario, sentarás nunha poltrona coma un prelado e dirás ao teu irmán: achégame o breviario! Francisco non tiña nada contra os libros nin contra a cultura, pero tiña algo claro: os pobres non tiñan libros nin sabían ler.



Conta unha fermosa vida novelada de Hildegarda de Bingen, que foi monxa bieita e morreu pouco antes de nacer Francisco, que a primeira palabra que pronunciou sendo nena non foi mamá nin papá; dixo: luz!

Non sei se apagaron as luces en Vigo. Estas outras non apagan nunca: son epifanía.

O CARRABOXO UXO por ROBE LOIS



O peto común

Teresa Souto Loira

Bo Nadal!

Boa despedida do 2024 e de chegada dun ano novo. Son datas de ledicias e de nostalxias, de agradecementos polas vivencias e pola vida, de festexar, e tamén de lembrar as persoas que non van ter o privilexio de facer festa, de acender luces, de brindar ou de medrar en paz, como as persoas de Gaza, de Sudán, de Iemen, de Myanmar... Así que, cando naza Xesús de Nazaret, tamén nacerán nenos e nenas en todos eses países, lugares e aldeas. Ogallá poidan conseguir ese desexo de medrar e vivir en paz.

Cada vez hai máis luces artificiais nas rúas, nos edificios, nas tendas e nas casas; árbores máis altas, máis grandes, máis vistosas; cada vez hai máis brillo artificial. A min, e seguramente a vós, gústavos máis o brillo nas olladas das persoas que amamos: das crianzas, das persoas maiores, da nosa familia, amizades e veciñanza, incluso da persoa descoñecida que cruzamos pola rúa. Fagamos o posible por conservar ese brillo, por animar a brillar e por axudar ás persoas a que a súa luz non se apague.



EMIA

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Xandre vive!

Non foi sen tempo, pero mellor tarde ca nunca. O goberno anulou a sentenza de morte de Alexandre Bóveda. Un xesto simbólico que non ten ningún tipo de transcendencia máis alá do simbolismo.

De verdade, impresiona a historia da súa vida de loita e o testemuño que deu ante o xurado que o ía asasinar. “A miña patria natural é Galicia. Ámoa fervorosamente...”. Un auténtico credo de alguén que sabía que de aí non saía con vida. As súas palabras eran de amor ante un xurado que, de seguro, estaba cheo de xenreira. Tampouco deixa indiferente a ninguén a carta de despedida, chamando “vidiña” á súa muller. Para min, é delicioso o final: “Recei contigo”. Esas dúas últimas palabras son toda unha testemuña de fe comunitaria. Rezar xuntos é a transcendencia do cotián, a fraternidade do Noso Pai. Se cadra, os seus asasinados eran de misa dominical, pero non de rezar xuntos.



As ensinanzas de Alexandre chegan ata os nosos días. A súa filla Amalia, que estaba no ventre da nai o 17 de agosto de 1936, foi quen recibiu a anulación da sentenza das mans de Pedro Sánchez. A man que recibía a anulación levaba no pulso a pulseira de pedida que o pai lle dera á nai. Isto é o que algúns teólogos chaman un sacramento. Xandre vive.

Beatriz Cedrón

ASER ÁLVAREZ reivindica no seu documental “Prisciliano e a Gallaecia” a que foi unha das figuras máis importantes de Europa do século IV. Home culto, rebelde, predicador co exemplo e partidario de volver ás raíces do cristianismo, foi condenado por ser incómodo ás xerarquías e, polo mesmo, ao esquecemento. O autor tenta con este documental rescatar a súa figura percorrendo os lugares por onde puido pasar e trasladala do ámbito académico ao coñecemento popular.

Imaxe: adiantegalia.es



Un informe da USC sobre o **SISTEMA PROSTITUCIONAL** conclúe que existen fortes vínculos entre sexo pagado, pornografía e violencia contra as mulleres, incidindo ademais nos efectos negativos das redes dixitais sobre as prácticas sexuais. As conclusións do traballo alertan sobre o perigo de internet polo aumento da explotación de mulleres vulnerables e a súa cosificación, destacando a presenza de tres rasgos comúns nos consumidores de prostitución: falta de empatía, machismo e desexo de control.

Imaxe: nosdiario.gal



FIARE é unha iniciativa bancaria libre de tipo cooperativo que leva máis de 20 anos en activo.

Só financian proxectos cun impacto social e ambiental positivo e desde unha concepción ética das finanzas. Organízanse en Grupos de Iniciativa Territorial, dos que un está establecido en Vigo, cuxa función é achegar o banco e este xeito de entender as finanzas ao territorio. Pretenden tamén estender a importancia da ética na economía do día a día e difundir a relevancia da Economía Social e Solidaria.

Imaxe: mercadosocialaragon.net



A Xunta de Galicia iniciou o procedemento para declarar o **BAILE E A MÚSICA TRADICIONAIS** como Bens de Interese Cultural.

A sociedade galega foi quen de manter estas formas de expresión do pobo malia a fin da sociedade tradicional, salvándoas e documentándoas a través de persoas e entidades que foron quen de manter vivo e transmitir o noso patrimonio. En todo caso, xa están preventivamente inscritas como manifestación do patrimonio inmaterial de Galicia. O expediente debe completarse en 2 anos.

Imaxe: praza.gal



Froito dun proxecto da UE no ámbito da Xustiza medioambiental naceu o mapa interactivo EJAtlas (<https://ejatlas.org>). Este mapa recolle en detalle oito dos **CONFLICTOS MEDIOAMBIENTAIS** máis destacados do país (o Prestige, Altri, minas de Touro e Corcoesto, Ence, Elnosa, as terras raras no monte do Galíñeiro e os parques eólicos do Monte Castelo), desvelando información sobre os seus impulsores, as súas repercusións, e sobre investigacións académicas e a mobilización social que xeran.
 Imaxe: gciencia.com

O PASTOREO

favorece o aumento da biodiversidade, o enriquecemento dos solos, a fixación de carbono, a evolución das masas arbóreas e a prevención dos lumes. Ademais, o pastoreo en extensivo (a ROZA BIOLÓXICA) é un mellor, máis sustentable e económico método de control da vexetación que a roza mecánica en zonas de monte por onde se desprega o tendido eléctrico. Así o demostra unha investigación que a USC realiza en colaboración con empresas do sector eléctrico.



Imaxe: terrachaxa.com



Afirmaba a Xunta de Galicia que unha das causas do descenso do uso do galego é o incremento no país da poboación migrante. Nesta liña argumental, o executivo galego atribuíu tamén recentemente o aumento das listas de agarda da Sanidade pública a que “a xente vive máis”. Ao que a Xunta segue sen dar explicación é á petición de información sobre o número de **RECLAMACIÓNS DE DOENTES** que recibe o Sergas, evitando responder a un requirimento da propia Valedora do Pobo con base na lei de transparencia.
 Imaxe: nosdiario.gal

Cada 30 de xaneiro, data na que se conmemora o nacemento de Castela, a Consellería de Cultura e a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración celebran o Día da Ilustración. O artista homenaxeado en 2025 será **XOSÉ VIZOSO**, debuxante, escultor, ceramista, grafista e ilustrador que foi colaborador directo de Isaac Díaz Pardo en Sargadelos. Xosé Vizoso é o autor dos carteis de moitas festas e eventos de Galicia, a comezar polas San Lucas do seu Mondoñedo natal.
 Imaxe: mondonedo.net



A 'Defende A Galega' "A CRTVG é hoxe un instrumento de propaganda: manipulación diaria e censura sistemática"



En máis de seis anos de mobilizacións, o colectivo Defende A Galega converteuse no emblema da loita pola independencia informativa e contra a manipulación nos medios públicos galegos. Cunha CRTVG cada vez máis afastada da cidadanía, enfrontan un panorama sombrío onde denuncian presións, censura e o progresivo desmantelamento da marca. Nunha entrevista sen concesións, desvelan as prácticas manipuladoras, o clima de intimidación laboral e a súa loita por uns medios que volvan ser da cidadanía.

Tras máis de seis anos de mobilizacións e uns 300 'Venres Negros', que logros acadastes ata agora?

O principal logro foi visibilizar a grave situación de manipulación informativa e censura que atravesan os medios públicos galegos e facerlle saber á cidadanía, lexítima propietaria deses medios, que non somos cómplices dos dirixentes da CRTVG. "Defende A Galega" é unha chamada á sociedade para que tome conciencia do que ocorre e para que non o tolere.

Poderíades explicar con algún exemplo práctico como se manipula un telexornal na TVG?

Hai centos. Todos os días hai manipulación nos informativos da TVG e da RG. É recorrente. As mobilizacións polas xestións da Xunta en sanidade ou educación, as protestas contra Altri ou a Mina de Touro, as das mariscadoras... non aparecen nos informativos a maior parte das veces e, cando se dan, raro é que se escoiten as voces dos protagonistas. As que teñen que ver co Goberno central (cando non é do PP)

teñen ampla cobertura. A información política é unha caricatura.

Que impacto credes que está tendo esta manipulación na sociedade galega e na súa percepción da CRTVG?

As consecuencias son gravísimas, porque se está vulnerando o dereito a recibir información veraz consagrado

A CRTVG reparte cartos entre medios tradicionais e, deste xeito, garanten o seu silencio

nas leis. A CRTVG, lonxe de contribuír á formación dunha opinión pública plural, pretende guiala cara a unha opción política concreta, menosprezando á cidadanía á que se debe.

Iso ten un clarísimo efecto na reputación dos medios públicos e, por conseguinte, na súa credibilidade. A actual dirección é responsable da dilapidación da marca CRTVG e da con-

“O clima laboral é moi desagradable, con directivos chamando a traballadores para coaccionalos”



fianza dos galegos e galegas nos seus medios públicos. Os últimos datos de audiencia así o reflicten, por moito que tamén aquí se queira manipular.

O peso dos gobernos sempre foi grande na TVG. Que cambiou para que agora sexa peor?

Todos os gobernos quixeron exercer presión sobre os medios públicos, e sempre houbo tensións na redacción para tratar de evitalas. Nos últimos anos, o principal cambio consistiu en que, desde as xefaturas intermedias, xa non se tentan evitar as inxerencias: son quen as ocupa os que se prestan ao poder para manipular e censurar. E tamén trasladan, cun nivel de violencia nunca antes exercido, esas presións aos traballadores e traballadoras.

O PPdeG quere pechar a tele?

Que puxo en marcha unha estratexia de desmantelamento dos medios públicos galegos é algo máis que constatable. Comezando co peche das delegacións da Mariña, Pontevedra e Ferrol; seguindo coa desaparición das desconexións locais, coa redución da produción propia e co incremento da externalización, coa desatención ao

público infantil e xuvenil... E agora co proxecto de lei que acaba coa marca CRTVG, que levanta a prohibición de cederlles a terceiros a edición e realización dos informativos e que lles abre a porta a linguas distintas ao galego.

Hai algunha televisión en España que consideredes un modelo a seguir? Pode ser TVE?

Todas as televisións públicas en España teñen problemas, e atravesamos

ademais un momento de cambio no panorama audiovisual. Lamentablemente, RTVE tamén acaba de sufrir un retroceso legal coa introdución dunha modificación legislativa que permite elixir os membros do Consello de Administración con maioría simple.

Pero o certo é que, para a independencia dos seus profesionais, dispón dunha ferramenta como o Consello de Informativos, que vela pola súa independencia e que lles dá amparo se hai intentos de inxerencias na súa tarefa profesional. Un Consello de Informativos que na CRTVG debería levar máis de 12 anos creado, tal e como establece a vixente Lei de Medios Públicos de Galicia, e que nunca houbo interese en constituír.

“Deixaron morrer o Xabarín Club para silenciar a conexión do galego coa mocidade”



“O PPdeG puxo en marcha unha estratexia de desmantelamento dos medios públicos galegos”



Podedes describir como se vive o clima laboral na CRTVG e que medidas de presión exerce a dirección para evitar o seguimento da folga?

O clima laboral é moi desagradable, cos cargos directivos facendo chamadas a traballadores para coaccionalos, ou presentándose nos postos de traballo á hora en que comeza a folga para incomodar a quen quere exercer o seu dereito.

A información política é unha caricatura

Hai tanta unanimidade no equipo directivo? Non hai ninguén que, en off the record, recoñeza que tedes razón en algo?

Hai cargos intermedios que lles trasladan ordes ás traballadoras, pero ao mesmo tempo quéixanse do mal que se fan as cousas. Non existe equipo directivo como tal, existe unha correa de

transmisión de ordes da que ninguén se fai responsable.

Por que pensades que as vosas reivindicacións teñen pouca cobertura nos medios tradicionais galegos? Hai interese nos medios en non incomodar á dirección da CRTVG?

A CRTVG contrata produtos audiovisuais da maior parte dos medios tradicionais que hai en Galicia. Reparar cartos entre eles e, deste xeito, garanten o seu silencio respecto da situación interna e da manipulación informativa.

Levastes as protestas a foros internacionais. Pode que poucas folgas galegas tivesen esta proxección. Que vos din?

A folga, convocada polo comité interempresas, tivo eco no Parlamento Europeo grazas ao traballo dos membros do comité de folga, que levaron a ese foro as denuncias de externalización e o xa proxecto de lei de medios da Xunta. Os altos cargos cos que se reuniron comprometeron a vixiar un texto normativo que blindaría por lei o papel dos medios públicos galegos como instrumento de propaganda partidista.

Credes que o anteproxecto de lei que fala de flexibilizar os usos lingüísticos nos medios públicos compromete a identidade da CRTVG?

Sen ningunha dúbida. É un retroceso enorme para unha das misións principais da CRTVG, como é a promoción e difusión da lingua propia. O galego é a nosa razón de ser.

Que responsabilidade ten a TVG na desconexión co galego dos nenos e nenas, sobre todo despois da importancia que tivo o Xabarín Club nunha xeración?

A demolición premeditada do Xabarín Club é unha das accións máis deleznable dos últimos anos na CRTVG. O que conseguiu o Xabarín foi conectar esa xeración cunha lingua que non só se falaba na casa ou no colexio, senón tamén no lecer. Todo iso que conseguira, deixárono morrer de inanición.

A CRTVG afronta caídas de audiencia preocupantes. Que solucións propoñedes para revertir esta situación e conectar de novo coa cidadanía?

O desmantelamento está en marcha: externalizacións, despidos e abandono da produción propia

Para un medio de comunicación público, gañar audiencia non debe ser o primeiro obxectivo. O noso é un servizo público esencial. Deixar traballar os profesionais, promover uns medios rigorosos, con información de calidade, sempre vai atraer audiencia.

Que futuro imaxinades para a CRTVG se a situación actual continúa?

O futuro é negro se non hai un cambio de temón. Os medios públicos galegos van camiño da irrelevancia. Está en xogo a calidade da democracia en Galicia. A sociedade galega tamén ten que reclamar ese cambio de rumbo.

Máis información na conta de X: [x.com/DefendeAGalega](https://twitter.com/DefendeAGalega)

Fotos: cedidas por Defende A Galega

Conto de Aninovo

Lines Salgado

Olo! Menas!!!!

Os camiños de Ndeye e Mariama cruzáronse en Canarias, nun centro de acollida para menores que chegan a España sen acompañamento de ningún adulto.

As dúas rapazas, de 13 e 16 anos, coñecéronse alí e xuntas, por casualidades da Administración, foron enviadas en setembro a unha casa de acollida en Lugo cando se decidiu repartir cotas de menores polas diferentes comunidades autónomas. Tamén por casualidade foron matriculadas as dúas no meu instituto: Mariama en 1.º de ESO, e Ndeye en 4.º.

Ndeye ten un sorriso enorme que ilumina o lugar no que está. Quere ser cocifeira. E aos quince días de chegar xa se tivo que afrontar á noticia terrible da morte do seu avó e á imposibilidade da distancia. Estivo moi, moi triste.

Un día, ao ver que imprimamos unhas fotos de Rousseau, Newton e Voltaire para un mural sobre a Ilustración, preguntoume se era posible imprimir tamén unhas fotos propias. Tróuxomas nun lapis USB. Eran tres fotiñas de baixa resolución, sacadas do WhatsApp: o seu avó diante dunha casa de adobe coa túnica branca (*boubou*) e as zapatillas de punta (*marakiss*); o seu avó cun amigo, sorrindo diante dunha mesa; e o seu avó nunha montaxe xunto á mesquita.

Imprimín con emoción aquelas imaxes, pero a calidade era tan mala que case non se vían no papel. Pedílle a unha compañeira de Plástica, Alicia, que as revisase para ver se podía facer algo co formato. Alicia, que coñece unha tenda na súa vila que pasa as fotos a papel fotográfico e as amplía, volveu ao día seguinte con tres fotos “de verdade” que lle entregamos a Ndeye. Emocionámonos as tres. E Ndeye, co seu sorriso inmenso, preguntou enseguida: “¿Se puede foto avó Mariama?”



Foto: Al Jazeera

Felipe Arias Vilas

Do Cabo Ortegal a Estaca de Bares coa figura de Federico Maciñeira

A comarca coruñesa que vai desde o Cabo Ortegal ata o de Estaca de Bares ten unhas singularidades que a definen tanto desde o punto de vista xeográfico (no sentido máis amplo) como histórico (e, en particular, arqueolóxico).

Ese carácter especial foi posto de relevo en gran medida polo empeño e os traballos de Federico Maciñeira Pardo de Lama (Santa María de Mogor - Mañón, 1870 – Ortigueira, 1943), erudito,

Federico Maciñeira foi cronista oficial de Ortigueira

escritor e arqueólogo, unha figura non valorada como se merece no ámbito galego, agás –acaso– na súa comarca natal e no ámbito da súa principal dedicación.


Desde a punta do Cabo Ortegal, cos seus impresionantes Aguillóns (A Longa, O Rodicio, Os Tres Irmáns e, máis



A costa de Ortigueira



Sauna castrexa da Punta dos Prados



14 Federico Maciñeira

lonxe, O Cabalo Xoán), que semellan estar aínda emerxendo do mar e que son tan do Cantábrico como do Atlántico –pois por esta zona se xuntan os dous mares–, polo lugar da Pedra, unha serpeante baixada lévanos a Cariño, capital dun concello que se independizou do de Ortigueira en 1988. Chégase ao bonito lugar de Ponte Mera e logo a Santa Marta, de interesante arquitectura e cos restos dun muíño de vento no alto, que preside o coñecido ‘Festival de Música Celta’ dos veráns.

Se seguimos ata Espasante, no castro da Punta dos Prados

están os restos dunha sauna castrexa e galaico-romana, descubertos e escavados moito despois das prospeccións de Maciñeira por toda esta zona. Máis aló, chegaremos á punta máis setentrional da Península Ibérica, o Cabo de Estaca de Bares. Zona esta na que moito traballou don Federico, pero que tamén nos ofrece uns curiosos e espectaculares restos duns muíños de torrenteira, ademais das ruínas dunha base militar e o correspondente faro, que preside este impresionante enclave.

Pero é na zona do núcleo mariñeiro e portuario de Bares onde Maciñeira centrou boa parte dos seus traballos, atraído polo seu vello coído ou peirao de grandes coios, que foi considerado primeiro como “fenicio” e logo como

romano (ocupación galaico-romana comprobada en tempos recentes nesta zona), sen prexuízo do seu uso como enclave vinculado á explotación da caza (que non pesca) das baleas.

Aquí remataría un antiquísimo camiño que, desde as áreas megalíticas da comarca das Pontes e a través da Serra da Faladoira, ofrece túmulos prehistóricos a esgalla e que, logo, en épocas posteriores, se converteu nunha vía de comunicación entre a costa cantábrica e o interior setentrional galego.

A este porto de Bares dedicou Federico Maciñeira a súa obra principal e máis coñecida, elaborada cando era membro do Seminario de Estudos Galegos, onde colaborou co seu amigo tamén arqueólogo, etnógrafo e escritor Fermín Bouza-Brey. Este promoveu en 1947, en Santiago, a edición da gran obra (póstuma) de Maciñeira, *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*, un fito na bibliografía arqueolóxica galega do século XX.

No castro da Punta dos Prados están os restos dunha sauna castrexa e galaico-romana

Federico Maciñeira estudou na Coruña e en Ferrol, pero moi cedo pasou a ocuparse da súa casa e terras, impulsando melloras agrícolas, gandeiras, forestais e ata pesqueiras na comarca. Loitou desde a política local e provincial (foi alcalde de Ortigueira e deputado provincial, entre outros cargos) por conseguir un ferrocarril pola costa norte galega, o que non se logrou naquela época e que aínda hoxe ten graves problemas de mantemento e funcionamento.

Comezou as súas investigacións arqueolóxicas moi novo (a súa primeira publicación é de 1893), centrándose, como queda dito, na ampla zona entre



Coído do porto de Bares

Ortegal, Bares e As Pontes, onde localizou máis de trescentas mámoas (túmulos funerarios), que converteron dita zona nunha das máis densas do megalitismo galaico. Foi entre 1930 e 1932 cando se dedicou aos traballos sobre o porto de Bares e o seu coído pétreo, de enorme interese xeolóxico e histórico.

Maciñeira tivo relación epistolar con especialistas europeos coma o alemán E. Hübner, o portugués J. Leite de Vasconcelos, o catalán Lluís Pericot e outros. Participou nos congresos de Antropoloxía e Arqueoloxía Prehistóricas de Mónaco en 1906, de París en 1909 e de Barcelona en 1929, onde se centrou nas relacións entre Galicia e as illas Británicas na prehistoria.

A raíz do levantamento militar de 1936, o seu galeguismo fixo que fose apartado dos seus traballos e quedou

confinado en Ortigueira ata a súa morte en 1943.

Entre moitos outros, cómpre citar os seus traballos como *Investigaciones prehistóricas de Galicia* (en *La Ilustración Artística*, 1895); *Los Fenicios en Galicia* (*La Ilustración Española y Americana*, 1896); *Los castros prehistóricos de Galicia, I-IV* (*Revista Crítica de Historia y Literatura Española, Portuguesa e Hispano-Americana*, 1897 e 1900).

Cronista oficial de Ortigueira (1894), fundou e dirixiu o xornal *El Ortegal*, foi un dos primeiros membros da Real Academia Galega e formou parte de moitas outras entidades académicas e culturais galegas, españolas e portuguesas. Ata hai pouco, en Ortigueira tivo actividade unha Fundación co seu nome, dedicada a difundir a súa obra e a promover estudos arqueolóxicos.



Muíños de torrenteira en Estaca de Bares

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Sempre Ferreiro!



© Foto - Nós Diario

Luis Ferreiro.

Luís González, de pseudónimo Ferreiro, xa para sempre desde a clandestinidade. Era un gran cantor e amigo, gustáballe cantar o himno que entoaban os guerrilleiros antifranquistas. Nacera no 36 en Vila de Cruces, emigrara a Francia, construíu zulos para imprentas de Vigo e da Coruña, para difundir panfletos e boletíns informativos do P.C. Así foi torturado e encarcerado. Para nós, era o enlace daquela guerrilla da que a historia aínda non fala. Xuntabámonos en moitas citas de memoria e confortos, nas Fosas de Aranga, en Palas de Rei, nos tres Manueis... Ninguén nos poderá roubar a memoria e nela, sempre estará o noso Ferreiro, cun facho de luz clarificadora sobre o que é a amizade, a fidelidade e o orgullo de sentirse militante das ideas redentoras dos pobos e dos traballadores. Aquel pobo unido e vencedor no que non exista este desequilibrio social. Seguiremos cantando o que cantabas con gran emoción, aquel himno solemne compartido con todos nas verbas, na loita, na ledicia e no contento. Por iso me atrevo a proclamar a túa memoria imperecedoira,

no canto evocador daquela conversa fluída e veraz, nos encontros iluminados pola túa presenza. Seguiremos cantando a túa cantiga e os teus versos esperanzados, o recitado de Niño Yuntero, de Miguel Hernández, co que non eras quen de chegar ao final porque te

Era o meu amigo Ferreiro. Falabamos do mundo e traíámolo a nós

emocionabas nas primeiras estrofas:
“Carne de yugo ha nacido,
más humillado que bello,
con el cuello perseguido
por el yugo para el cuello.”

Ou o himno da guerrilla, que tamén cantei con Camilo Diós, común amigo:

“Por camiños e montañas, guerrilleiros libres van.
Os mellores loitadores da cidade e do rural.”

Falabamos, entre as amizades de Mondoñedo, coa súa filla Katia e outras xentes, sabéndonos neste mundo precipitado, onde non dá tempo a vivir nin a contar, no que hai que moverse pulsando teclas, agardando mecánicas voces que non escoitan e sempre contestan o mesmo. Nesta rutina de ir engadindo datos, ninguén comprende a tristeza enorme de falar cos contestadores de voz, escollendo opcións e mantendo a escoita do altofalante, entre dúbidas constantes por diversas posibilidades imprecisas. Un mundo xélido, metálico e frío, menos humano, quizais sen bafo nos beizos.

En calquera caso, chegabamos ao acordo de que a soidade pode mesmo chegar a ser boa cando nos compace en memorias fermosas, pero é doída —moi doída— cando aínda nos fere. Cando miramos atrás e vemos aquela xente que deu a súa vida para evitar que nos roubaran a esperanza, aquelas torturas de outrora. Moitas e moitos

fuxiron e viviron exilios enormes por mor do xenocidio decretado polo ditador, o mesmo que nos deixou pendurados nesta realidade que aínda nos somete e non nos deixa ser quen realmente somos: dignos en propiedade e sen domesticar.

Mirabamos atrás con admiración a toda aquela xente que confiou na verdade e na liberdade, a aqueles que foron testemuñas fieis daquela loita, que apostaron pola verdade, pola xustiza, pola reparación e recuperación doutras memorias. E así, con el, sobrecolliámonos diante da traizón e da pasiva indiferenza de moitos que non escoitan e, sobre todo, daqueles que ocupan o poder e renegan.

Confirmabamos que foron tempos duros e que aínda hoxe vivimos tempos de represalias, de violencias inauditas, de vivir mentiras, de xulgar poñendo na mesma balanza verdugos e vítimas, ladróns e roubados, enganadores e enganados, vendidos e non vendidos, aqueles que venden a dignidade por calquera cousa mentres se agachan. Tempos, en fin, de non mirar aos ollos, de non querer entender, de


saber moito sen coñecer nada, nin a ninguén. Tempos de claustrofobia e decepción, de antidepressivos e ansiolíticos, de non ser quen de dicir a verdade sendo sinceros.

Era o meu amigo Ferreiro. Falabamos do mundo e traíámolo a nós, tentando comprender. Desde aquí e sen ataduras de ningún tipo, sen debernos a ningunha condición que nos someta, sen sentirnos aprisionados nin noutra obriga que non sexa a da verdade e da memoria, sen humillar a ninguén pero sen permitirnos ser humillados; sen estar cos grandes nin arredados dos pequenos, sen crer nos vendedores de fume coas súas proclamas lapidarias e cómplices de todo o que non está caendo enriba e da medra

do fascismo. Falabamos e falabamos, vendo como seguen mentindo coas súas arengas sen verdade, sen porvir, e vendidos de antemán á súa derrota.

Por iso eu, agora, proclamo o teu exemplo na loita pola digna condición, coa semente dos dereitos que aínda agardan e ao mesmo tempo nos funden no orgullo de irmos xuntos nesa angueira que nos devolva a propiedade de ser quen somos. Grazas, Ferreiro, por ser como fuches e por ser así, o noso grande valedor e amigo!

Na nosa memoria sempre estará o noso Ferreiro



© Foto - Xornal de Vigo e Comarcas

O Noso Taboleiro

Festa do Lume 2025 no Mosteiro de Bergondo



FESTA DO LUME

Sábado, 8 de febreiro - Mosteiro de Bergondo

O vindeiro sábado, 8 de febreiro de 2025, o Mosteiro de Bergondo acollerá a tradicional Festa do Lume. Será un encontro de reflexión e celebración comunitaria, que manterá vivo o espírito de compartir e construír en conxunto.

Anímate a partillar ideas e a fortalecer os lazos coa comunidade. Estadades todas e todos convidados a participar!

Programa da xornada:

- 10:00 - Acollida
- 10:30 - Celebración da Candeloria
- 11:00 - "A Revista Irimia: Balance e perspectivas. Parte I"
- 12:00 - Descanso para o café
- 12:30 - "A Revista Irimia a debate: Balance e perspectivas. Parte II"
- 14:00 - Xantar

A asemblea de socias (para aprobación de contas, cambios na directiva, etc.) aprázase para antes do verán. O lugar e a data serán comunicados na revista.

Localización do Mosteiro

Parroquia: Bergondo (San Salvador)
Lugar: Bergondiño
15165 Bergondo - A Coruña
Coordenadas: 43º 19' 21.0" N - 8º 14' 27.9" W

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Alvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Impreme: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Sr. Presidente:
non afunda o seu
"prestige"

Actividade
subvencionada
pola



Deputación
DA CORUÑA

Esperarei

Esperarei a que medre a árbore
e me dea sombra.
Pero estercarei a espera
coas miñas follas secas.

Esperarei a que brote o manancial
e deite auga.
Pero despexarei o meu leito
das memorias enlamadas.



© Foto: <https://cdrovisio.blogspot.com/>

Esperarei a que apunte a aurora
e me ilumine.
Pero sacudirei a miña noite
de prostracións e de mortallas.

Esperarei a que chegue
o que non sei e me sorprenda.
Pero baleirarei a miña casa
de todo o enquistado.

E ao estercar a árbore,
despexar o leito,
sacudir a noite
e baleirar a casa,
a terra e os queixumes
abriranse á esperanza.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Empezamos polo persoal...

Ano novo, vida nova..., seica... Nós confiamos no refraneiro, xa sabedes... Aínda que levamos o loro da vida ao lombo, coma todos e coma todas, claro!, imos empezar esta nova etapa ben optimistas porque estamos seguras de que cumpristes co noso encarguiño e gozastes a regalar lingua este Nadal, que xa vai alá, que xa case esqueceu, que parece que xa estamos a esperar polo seguinte...

E necesidades un repasiño das cuestións básicas da gramática para reforzardes a vosa comunicación? Párecenos que xa alá polo mes de xuño do ano vello deixámosvos no artigo determinado e no indeterminado. Por unhas e por outras, porque temos tanta leria (máis leria ca un sacamoas, dicía Delia...), porque lle empezamos a dar á lingua, ao tarabelo, ao trebello, ao badalo, ao pico..., que xa parecemos unhas tarabelas..., perdémonos... Así e todo, vaia por diante que nos gusta o que compartimos con vós... O caso é que pensamos en retomar a gramática. Que vos parece?

A nós prestábanos ben darlle unha volta ao pronome, ás súas formas e á súa colocación. En fin, como desta volta somos nós as que temos a tixola polo rabo, as que temos a rabela do arado, as que temos a vara e maila besta... alá imos!

Para empezar, imos repasar as formas tónicas do pronome persoal: *eu, ti, el* e mais *ela, nós, vós, eles* e mais *elas*. E que é iso de "formas tónicas"? Son as que empregaremos como suxeito (*Ti es a máis alta*) ou as que van acompañadas dunha preposición ou do segundo termo da comparación (*Veu aquí por nós; É máis alto ca ela*). Ao lado de "ti", na fala tamén existe "tu" como forma dialectal; agora ben, na escrita debemos utilizar "ti". E ao lado de "nós" e mais "vós", tamén están "nosoutros, nosoutras" e "vosoutros, vosoutras". Seguramente as

persoas lectoras ou empregades as primeiras formas ou as segundas, pero tradicionalmente existían as dúas en simultáneo cunha pequena diferenza de significado. Mentres que *nosoutros* delimita un grupo concreto de persoas, e deixa fóra a quen non pertenza a el, *nós* non marca esa fronteira. Xeograficamente "vós" e mais "nós" son formas maioritarias, e as que escolleu o galego estándar para utilizar na escrita: "*Viñemos nós*", "*Fostes vós*". O grupo pequeno dentro dese "nós" ou dese "vós" é o "nosoutros" e "vosoutros": "*Ides todas ao cine, pero nosou-*

tras xa vimos esa película". "*Vós esperade aquí* e *vosoutras vinde comigo*".

Para rematarmos hoxe e para comezar na próxima..., deixámosvos uns deberiños... Recordade algo fundamental!!!: o pronome átono en galego **NUNCA** empeza unha oración!!!!!!!!!!!!!!!!!!!! Nada de "**Me dixó Pepe*", "**Cho digo eu*", "**Llo levamos nós*". Mirade para aí cantas e cantas e cantas veces o leredes e o escoitaredes mal, e da pluma e da boca de quen debería saber o que di... Espanta!!!!!! Deus as dea acompañadas...

Ata a próxima!!!!!!

